

Melide acolle o 23 de marzo a terceira edición do Salón da Voda

A vila vólvese vestir de branco para celebrar un dos seus eventos máis especiais. O Pazo de Congresos será o escenario no que preto de trinta negocios de dezaseis sectores diferentes amosarán dende as 11 da mañá ata as 8 da tarde unha ampla variedade de artigos e servizos relacionados cos casamentos. Dous desfiles de moda e un premio especial para os noivos que casen en 2014 completan a oferta dunha cita á que se achegarán parellas procedentes de toda Galicia. P3



EMPRESA

Asetem-Cca amplía o espazo para socios na súa renovada páxina web P5

MELIDE

A vila supera sen incidencias graves 3 meses de cicloxéneses explosivas P12

CULTURA

Manuel Garea gana o "Prato Xantar" cunha creación 100% galega P19

ENTREVISTA



**Celestino Penas,
Recambios
Vulcano P23**

Dous plans para emendar as carencias na iluminación




O Concello realizará actuacións nas lámpadas de 15 rúas. Xa hai cartos e proxecto para intervir en seis. Para as outras 9 solicítouse unha subvención. P11 e 13

A crise acentúa na comarca as desigualdades educativas



As III Xornadas de Formación sobre Atención á Diversidade organizadas polo IES de Melide poñen sobre a mesa proxectos que contrarrestan as carencias. P20



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O presente de Asetem

Quizais aínda non o advertisen, pero 2014 será un ano importante para Asetem-Cca, porque se cumpren 25 anos dende a súa creación. Como toda data simbólica, a ocasión préstase non só para o recordo das persoas e dos momentos que marcaron estas máis de dúas décadas, senón tamén para facer balance do presente e do futuro da asociación. Niso se centrará este breve espazo antes de celebrar, no mes de maio, vinte e cinco anos facendo medrar a Terra de Melide.

Un dos aspectos que mellor define o presente de Asetem-Cca é a súa consolidación entre a sociedade como entidade activa que traballa en prol dos intereses da zona. Durante todo este tempo foise creando unha “marca Asetem” que a día de hoxe se asocia a valores como o carácter emprendedor, a independencia, a integración de todas as sensibilidade e a loita por defender o propio, o local. Dito noutros termos, a xente valora positivamente Asetem, séntea como parte de si, e percíbea como unha asociación que defende Melide.

Porén, foise diluíndo co paso do tempo ese carácter reivindicativo e de “contrapoder” que se lle atribuíu nas etapas iniciais e que moita xente bota de menos, algo do que somos conscientes. O presente de



Asetem pasa por unha liña máis centrada na promoción do comercio e da empresa. Aquí é onde entra en xogo outra das súas sinais de identidade a día de hoxe: a asociación como axente dinamizador.

Nos últimos anos premeuse o acelerador no que á organización de campañas, eventos e actividades se refire, moitas das cales conseguiron consolidarse. Todo iso nunha situación de angostura económica, que é outra das circunstancias que marca o presente de Asetem e que obriga a medir cada un dos pasos que se dan e a establecer prioridades. É, por tanto, un tempo de debate e de busca de alternativas, algo que se está a producir en todo momento baixo a tranquilidade de ter unhas contas saneadas e a garantía

de que a pervivencia da asociación non corre risco.

Non habería Asetem-Cca sen os socios e socias, o seu leit motiv dende o día un ata hoxe, como non podería ser doutro xeito. Na actualidade son preto de 150, o que supón unha das cifras máis altas de entre as rexistradas ata agora. Non obstante, froito da crise e dos tempos difíciles, percibimos que comeza a ser necesario convencer a moitos deles da importancia de formar parte de Asetem e permanecer nela, algo que non deixa de ser un motivo de preocupación.

Con todo, podemos dicir que unha entidade consolidada, dinámica, saneada economicamente e que conta co apoio dos socios, ten moito que dicir no futuro. Aínda que todo teña as súas luces e sombras.

Tribuna de opinión

Un servizo de utilidade

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Nos últimos seis meses Melide contou cun grupo de emerxencias integrado por doce efectivos que actuou en situacións de urxencia deixadas ata entón en mans do destino e duns poucos voluntarios de Protección Civil ante a precariedade da Policía Local, a falta dun Grumir e considerable distancia do parque de bombeiros máis próximo.

A creación deste servizo, compartido con Palas de Rei e subvencionado pola Consellería de Presidencia, demostrou ser de grande utilidade. A diferenza doutras iniciativas, que se poñen en marcha e se presentan con gran fasto para logo nunca máis sabermos delas nin teren aplicación práctica, esta si que tivo unha repercusión real na vida dos veciños. A súa foi unha pre-

senza visible no día a día e necesaria para axudar no máis grave dos accidentes de tráfico e na máis simple caída dunha árbore sobre calquera pista. As 661 incidencias que atendeu o chamado Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) en seis meses son máis ca números sobre un papel; son parte tamén do sentimento de seguridade da cidadanía.

O convenio coa Xunta rematou o 14 de febreiro e o GES deixou de estar operativo. Volvemos a invocar á sorte e ao destino. Dende esta tribuna animamos a que se fagan todos os esforzos posibles para recuperar este servizo e pedimos que na medida do posible se lle dea un carácter permanente. Coa seguridade non hai que improvisar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xavier Pazo (Asoc. de Troiteiros “Río Furelos”)

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	14
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Melide vai de voda: estades convidados!

O próximo domingo 23 de marzo Melide vólvese vestir de branco para acoller a terceira edición do Salón da Voda. O Pazo de Congressos será o escenario no que preto de trinta negocios de dezaseis sectores diferentes amosarán dende as 11 da mañá ata as 8 da tarde unha ampla variedade de artigos e servizos relacionados cos casamentos. Desfiles de moda completarán a oferta deste evento singular.

UN MUNDO EN BRANCO AO TEU ALCANCE

Todo concentrado, pero ben distribuído e organizado para que ninguén perda detalle do moito que pode ofrecer Melide cando dunha voda se trata. Ese será o aspecto que presente o Pazo de Exposicións e Congressos o próximo 23 de marzo, día no que se converterá nun mundo en branco onde comercios de 16 sectores diferentes amosarán produtos e servizos relacionados co eido nupcial. Todo o que se precisa para un casamento estará ao alcance de parellas e do resto de visitantes no Salón da Voda de Melide. Comezando pola moda, para noivo e noiva, para madriñas, convidadas de todas as idades e tamén para nenos, tanto en vestidos e traxes como en zapatos, lencería e xoias. As perruquerías encargaranse da estética e de todo o que ten que ver coa celebración e o banquete, as casas rurais, restaurantes, negocios de fotografía, pastelerías, florerías, empresas de ocio e transporte e axencias de viaxe.

DESFILES E PREMIOS PARA COMPLETAR A OFERTA

O Salón da Voda de Melide é máis ca un gran escaparate onde ver, valorar e comparar. Ten ademais atractivos engadidos, especialmente para as parellas, e tamén unha compoñente de espectáculo: a pasarela de moda, que foi unha das actividades máis seguidas en edicións anteriores, repítese este ano con dous pases; un ás 13:00 horas e outro ás 18:00 nos que o público poderá ver tanto roupa como zapatos, flores e peiteados. Sobra dicir que os vestidos de noiva e os traxes de noivo saídos das tendas da vila ocuparán un lugar especial. Serán lucidos por profesionais, aínda que os asistentes tamén poderán atopar entre as modelos algunha cara coñecida da vila. Por outra banda, todas as parellas que visiten o salón e acrediten que van casar en 2014, entrarán no sorteo dunha fin de semana romántica.

A APOSTA POR UN SALÓN SINGULAR

Asetem, Concello e os propios negocios participantes quixeron facer do Salón da Voda de Melide un evento singular. Por iso, despois de tres anos, decidiuse seguir celebrándoo xusto na entrada da primavera, unha época atípica para certames destas características. Iso convérteo nun evento único que o fai ser referente para parellas de toda Galicia. A intención da organización é consolidar o comercio de Melide a nivel autonómico e, sobre todo, marcar a diferenza.

Casa comigo... en Melide

SALÓN DA VODA

23 Marzo 2014

Pasarela de Moda 13:00h e 18:00h

Domingo 23 de Marzo 2014, Pazo de Congressos, Melide
Horario: 11:00h - 20:00h
www.salondeboda.com

Organiza:

Concello de Melide, comercio de Melide, Deputación da Coruña, ZAFIRO Torres Lalin

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**
(Limpieza bucal anual incluída, coste aproximado 40€)

Seguros Bilbao

Y por **Ser Cliente de Seguros Bilbao** benefíciate del **25% de descuento** en tu Seguro de Hogar hasta el **31 de Marzo!**

Además consulta tu **Seguro de Comercio** y benefíciate del **¡¡¡10% de descuento sólo hasta el 31 de Marzo!!!**

EMPRENDEDORES EN MELIDE

KARIM GAMIL QUINTELA, “CLÍNICA DENTAL KARIM GAMIL”

“É fundamental que o paciente estea cómodo dende que entra pola porta”

-Que tipo de servizos ofrece a súa clínica?

-Karim Gamil (K.G.): É un servizo integral. Intentamos ofrecer de todo, dende o máis básico ata os tratamentos máis avanzados, cubrindo en todo momento as necesidades que teñan tanto nenos como adultos no que se refire á saúde bucodental.

-Vaíamos por partes. Que intervencións realizan no ámbito da cirurxía?

-K.G.: Collemos practicamente todos os ámbitos da cirurxía que pode abarcar un dentista: dende sacar unha moa, que é o máis simple que pode haber, ata as cirurxías de enxivas pasando polos implantes, que son moi demandados ultimamente. É un campo no que se evolucionou

moito nos últimos anos. Nós procuramos aplicar todos os avances.

-E no eido da estética?

-K.G.: Seguimos unha liña similar. Por exemplo nos branqueamentos, polos que se interesa moita xente, traballamos con laboratorios que teñen os últimos sistemas en cerámicas para dar a mellor calidade. Tanto eles como os técnicos e todas as persoas que colaboran coa clínica teñen moito que ver no resultado final do traballo. Nós buscamos sempre a máxima calidade posible e intentamos adaptala a un prezo normal, aínda que a odontoloxía sempre é algo cara. Somos conscientes que non é o mesmo ter unha clínica nunha vila coma Melide ca no centro de Madrid.

-Cales son os piares dunha clínica dental de calidade?

-K.G.: Profesionalidade, bo trato ao paciente e un prezo razoable. Para min é algo fundamental que a persoa que entra pola porta se sinta cómoda. Unha medida que tomamos nós, e que imos manter, é a primeira visita gratuítas. Pensamos que hai que darlle ao paciente toda a información posible e todas as facilidades para que aclare as dúbidas sobre o que se lle vai facer.

-Cambiou nos últimos anos o xeito de atender aos pacientes?

-K.G.: Si, agora dedícaselles máis tempo e explícanse mellor as cousas. É importante que a xente saia contenta e que saiba que o que lle facemos e o



Karim Gamil na súa clínica da Ronda de Pontevedra

que lle cobramos é por algo, non porque si.

-Tamén deixou de ser un trauma para os nenos acudir ao dentista?

-K.G.: Con eles necesitas máis tempo e máis paciencia; hai que ter un tacto especial. No meu caso é unha parte do tra-

ballo que me gusta especialmente, quizais porque teño antecedentes na familia; meu pai é pediatra. Intentamos crear un ambiente o máis distendido posible para que a visita non se converta nun mal trago. Na primeira cita nunca facemos nada. Preferimos que primeiro nos coñezan e perdan o medo.

NUEVA APERTURA



CLÍNICA DENTAL

Dr. Karim Gamil Quintela

Presupuesto sin compromiso

Cirugía.

Prótesis.

Implantes.

Periodoncia.

Endodoncia.

HORARIO

Lunes a Viernes:

Mañanas:

10:00 - 13:30 h.

Tardes:

16:30 - 20:30 h.

1ª visita gratuita

Estética.

Ortodoncia.

Odontología conservadora.

Rx panorámica.

Odontopediatría.

Cita previa: **981 50 62 44**

clinicakarimgamilquintela@hotmail.com

Rda. de Pontevedra 32, bajo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Te esperamos

O novo escaparate de Asetem

A patronal melidense renova por completo a súa páxina web e dedica un espazo “relevante” á información sobre os negocios asociados

Nova cara para o novo ano. A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) comeza 2014 cunha imaxe diferente tras renovar por completo a súa antiga páxina web, creada en 2006. “Hai oito anos que decidimos subírnos ao carro das novas tecnoloxías e abrir dende Melide unha fiestra ao mundo”, explica a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, “agora era momento de actualizarnos, de modernizarnos e de proxectar unha imaxe acorde ao que somos: comerciantes e empresarios puxantes e á orde do día”.

Aínda que comezou a funcionar xa no mes de decembro con motivo da campaña de Nadal, continuouse traballando na nova web durante as últimas semanas e non foi ata agora cando se puxo en marcha dunha forma definitiva e co deseño rematado ao 100%.

Maior presenza dos socios

Á marxe da renovación estética, a directiva de Asetem puxo especial interese en reforzar a presenza dos socios dentro da web. “Eles son a esencia deste proxecto e quixemos que ocuparan un lugar relevante”, sinala Sonia Valiño. É por iso que a web incorpora un apartado no que figuran todos os socios agrupados por sectores con menús despregables nos que o usuario poderá atopar información sobre cada un deles con fotografías, teléfonos de contacto e enlaces ás súas respectivas páxinas web, no caso de térenas.

Información de interese

O novo deseño do enderezo electrónico de Asetem segue sendo fiel á imaxe corporativa que foi construíndo a entidade ao longo dos 25 anos que está a piques de cumprir.

Nese sentido, consérvanse dous dos piares da antiga web: un deles é o apartado de noticias, onde irán aparecendo todas as cuestións de actualidade relacionadas con Asetem ou aquelas que sexan de interese para comerciantes e empresarios. Ao estaren vinculadas ás redes sociais, aparecerán tamén automaticamente no Facebook da pa-



Unha das imaxes da páxina de inicio de www.asetem.com



Apartado dedicado aos comercios asociados e arquivo do Cerne

troal, “conseguindo que as actividades que fagamos teñan maior alcance e difusión”, sinala Valiño Vázquez. Ofrecese ademais a posibilidade de subscribirse de xeito gratuíto ao boletín de noticias, de xeito que o usuario as recibirá no seu correo electrónico persoal en canto se publiquen.

O outro dos piares será a edición dixital do Xornal Cerne, cun apartado propio no que os usuarios poderán consultar os 98 números do periódico da Terra de Melide que se levan publicados dende que se fundou, vai facer agora dez anos, ata o día de hoxe.

Servizos de utilidade

A nova web de Asetem contén ademais enlaces a páxinas onde socios e usuarios poden atopar cun simple click información de interese. Son, en concreto, as do Portal do Comerciante, o Instituto Galego de Promoción Económica, a Federación Galega de Comer-

cio e o Concello de Melide. Como novidade, incluíuse un apartado onde calquera empresario ou comerciante pode descargar a documentación necesaria para darse de alta como socio de Asetem.

Pasado e futuro

Tamén hai un pequeno oco para a memoria na web da patronal. O apartado “Asetem” recolle unha breve historia da asociación á que se incorporarán en breve imaxes que farán un percorrido fotográfico por estes últimos 25 anos de iniciativas e traballo colectivo.

Como ferramenta dinámica que é, a web estará aberta a futuras modificacións: “iremos introducindo novas seccións se é necesario, apartados específicos para determinados eventos ou mesmo un resumo mensual con axudas e subvencións”, explica Sonia Valiño, “queremos que a páxina sexa útil para os socios en todo momento”.

NOTICIAS BREVES


Un dos mellores Mercamelide



Arriba, a Directora Xeral de Comercio conversa cos titulares de Triscos e Electrosán acompañada por Santos López e Pilar López. Abaixo, ganadoras da cesta e do premio de 500 euros.

“Foi dos mellores que recordo”. A frase dun dos comerciantes que participou no Mercamelide de inverno podería facerse extensible á maioría de negocios presentes na 13ª edición da feira de oportunidades, que pechou cun balance moi positivo tanto en afluencia de público como en volume de vendas. Bo parte do éxito tivo que ver coa ampla variedade de artigos (con 33 stands, recórd de participación e novos sectores), a oferta lúdica e gastronómica e o atractivo dos premios sorteados. As dúas cestas con produtos alimentarios foron para Clara Vázquez (de Cambre) e Cristian Leiva (de Melide). A agraciada cos 500 euros foi Rosa Coral (de Toques), que os gastou en electrodomésticos.

Bocas de incendio no polígono



No polígono hai 83 empresas instaladas e 27 parcelas libres

A Xunta de Goberno Local aprobou a finais de febreiro o proxecto que dotará ao parque industrial de Melide dun sistema de seguridade contra incendios. Instalarase un depósito circular de 6 metros de diámetro e 5 de altura formado por módulos prefabricados e ensamblados. Ao mesmo tempo tamén se realizará a canalización soterrada de auga e instalaranse varias bocas de incendios que permitirán conectar mangueras e cisternas dos camiões de bombeiros. O importe dos traballos ascende a 119.780 euros, dos cales se solicita o 80% á Consellería de Industria. Esta actuación realizarase para dar cumprimento ao regulamento de seguridade contra incendios que a día de hoxe a Madanela non cumpre.

CURSOS DE FORMACIÓN EN ASETEM-CCA

Asetem acollerá no primeiro semestre de 2014 dous cursos da Confederación de Empresarios da Coruña: un sobre ferramentas de comunicación e outro sobre técnicas de venda. Celebraranse antes do mes de xuño, nunha data aínda sen

definir e en horario de tarde. Asetem ampliou o prazo de inscrición ata o 25 de marzo. Os cursos van dirixidos a traballadores en activo pero tamén poderán participar desempregados se non se completan as 15 prazas dispoñibles en cada un.

Manexo das técnicas de venda

Neste curso enfocárase a venda como un proceso complexo no que inflúen moitas variantes e que non se reduce ao simple intercambio do produto, senón que empeza moito antes. As persoas participantes aprenderán a crear unha estratexia e a aplicar no mercado actual as diferentes técnicas de venda.

Tras repasar as habilidades que debe ter un bo vendedor, o curso centrarase na fidelización e no xeito en que debemos proceder para conseguir que un cliente se converta en habitual e volva mercar os nosos produtos. Neste apartado abordarase a psicoloxía do cliente, o xeito de empatizar con el e a importancia das técnicas de comunicación verbal e non verbal.

No seguinte dos módulos tratarase a resolución de con-



flitos e de reclamacións. O alumnado aprenderá a manexar as situacións problemáticas dentro do proceso de venda e a converter as queixas nunha oportunidade de negocio.

Por último, o curso incorpora un apartado dedicado exclusivamente á venda 2.0. Preténdese facer partícipes aos asistentes do manexo profesional das novas tecnoloxías para a venda presencial e on-line. A aprendizaxe farase cun exemplo práctico no que se deseñará, distribuirá e promoverá un produto creado durante o curso.

Ferramentas de comunicación



A programación deste curso centrarase en desenvolver habilidades de comunicación en tres eidos específicos: a nivel persoal, a nivel social e a nivel empresarial.

- **Comunicación persoal:** a finalidade deste bloque temático é que o alumnado aprenda a comunicar en positivo e que sexa consciente do impacto que ten o seu xeito de comunicar; é dicir, como contribúen á consecución dos nosos obxectivos as cousas que dicimos e a forma en que as dicimos.

- **Comunicación social:** neste módulo proporcionaráselle aos participantes certas

pautas para que saiban manexarse en situacións de comunicación en grupo: presentacións públicas, reunións, exposicións... Abordaranse as principais técnicas para a emisión de mensaxes e afondarase nos conceptos clave para comunicar con éxito: claridade, concreción, sinxeleza e naturalidade. Tamén se tratará o impacto que ten a comunicación non verbal e a importancia de saber empregar os recursos xestuais.

- **Comunicación empresarial:** para que as empresas sexan eficaces, debe haber unha correcta comunicación a nivel interno, externo e corporativo. Estes son os temas dos que se falará neste módulo que inclúe un apartado para a comunicación escrita e as redes sociais.

NOVIDADES LABORAIS E FISCAIS

REDUCIÓNS DA COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL POR CONTRATACIÓN INDEFINIDA

Os contratos indefinidos, celebrados entre o 25 de febreiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014, verán reducida a cota empresarial por continxencias comúns, durante 24 meses, ás seguintes contías:

- a) Contratación a tempo completo: 100 euros mensuais.
- b) Contratación a tempo parcial, cunha porcentaxe de xornada superior ou igual ao 75%: 75 euros mensuais.
- c) Contratación a tempo parcial, cunha porcentaxe de xornada de, polo menos, o 50%: 50 euros mensuais.

Finalizado o período inicial de 24 meses de redución, aquelas empresas que no momento da celebración deste contrato contasen con menos de 10 traballadores, terán dereito a unha redución do 50% da achega empresarial á cotización por continxencias comúns deste traballador durante 12 meses máis. Este contrato indefinido deberá supoñer un incremento tanto do nivel de emprego fixo como do nivel de emprego total da empresa, tomando como referencia o promedio diario da plantilla dos 30 días anteriores á celebración deste contrato. Do mesmo xeito, deberase manter durante 36 meses tanto o nivel de emprego indefinido como o nivel de emprego total acadado con esta contratación.

Exclusións da aplicación destas reducións:

- Relacións laborais de carácter especial (persoal de alta dirección, réxime do fogar, artistas, etc.) e traballadores incluídos en calquera dos sistemas especiais do Réxime Xeral da Seguridade Social (agrarios, conta allea, etc.).
- Contratacións ao cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes do empresario, por consanguinidade e afinidade ata o segundo grao; salvo fillos menores de 30 anos, aínda que convivan co empresario.
- As empresas ou grupos de empresas que extinguisen contratos por causas obxectivas ou despedimentos disciplinarios, declarados improcedentes,

ou despedimentos colectivos, nos seis meses anteriores a esta contratación; a excepción das extincións realizadas con anterioridade ao 25/02/2014.

- A contratación de traballadores que nos 6 meses anteriores á celebración deste contrato prestaran servizos na mesma empresa mediante un contrato indefinido; salvo que este contrato se extinguisen con anterioridade ao 25/02/2014.

ACLARACIÓNS SOBRE OS ADEUDOS DIRECTOS SEPA (DOMICILIACIÓNS BANCARIAS)

Modalidades de adeudo directo SEPA. Características principais.

1) CORE ou modalidade básica.

- O debedor poderá ser consumidor final, empresa ou autónomo.

- Mandato. O debedor titular da conta de cargo, deberá firmar previamente unha orde de domiciliación dos pagos. Son válidas as ordes de domiciliación previas á migración ao SEPA.

- Prazo de devolución do adeudo: 8 semanas, por calquera motivo; e ata 13 meses para pagos non autorizados.

- Prazo de presentación dos adeudos ao banco emisor: Antelación á data de cobro de 7 días hábiles para primeiras operacións ou únicas e de 4 días hábiles para operacións recorrentes ou últimas.

2) B2B

- O debedor ou obrigado ao pago non poderá ser un consumidor final. Este sistema só se poderá utilizar entre empresas e/ou autónomos; se ben, non é obrigatorio.

- Mandato. Será preciso a formalización previa dun novo mandato entre acreedor e debedor, no que se especifique la aceptación da operativa en modalidade B2B. Cabe a revogación deste consentimento con anterioridade á emisión de novos adeudos por este sistema.

- Prazo de devolución do adeudo: 2 días hábiles, incluído o do cargo.

Información facilitada por CC XESTIÓN
R/ Florentino L. Cuevillas, 2 - Tlf: 881 973 307



Calzados Broz

Ronda da Coruña, 24
Camiño de Ovedo, 13

Tfno: 981 50 51 60
MELIDE



Deixolo

Pescados MANOLO

R/ Os Garceiras, 3 - baixo (MELIDE)
Tlf: 981 50 73 97



MUXICA
TENDA XOVEN

Rúa do Convento, 36 - MELIDE
Tlf: 981 50 63 66



Cafetería
STOP
MELIDE

Rúa Catedral, 1
MELIDE

- Especialidade en:
 - * Almorzos
 - * Bocadillos quentes
 - * Tapas
- Menú do día
- Churros (dende as 6 a.m.)

XORNAL CERNE NOVOS PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN

COMERCIO

- Aceiteiro
- Angarela
- Berencello
- Bodegas Mejuto
- Calzados Broz
- Casa Juanito
- Casa Santos
- Cociñas Buján
- Ctro. Cial. Ares
- Espomasa
- Floristería Maru
- Floristería Tarrío
- Hijos Casal Mariño
- J.R. Cabado
- Librería Cousas
- Librería Victorio
- Melimática
- Melisanto
- Muebles Paula

- Muxica
- Pescados Manolo
- Xebre
- Xoiería Oro Ley
- Xoiería Roval
- Xoiería Silvela

EMPRESA

- Canteras Prebetong
- Canteras Rechinol
- Constr. Espiño
- Cubiertas Blanco
- Distribuciones Mella
- El Mueble
- El mundo del pintor
- Fuciños Rivas S.L.
- Gasolineira Bocelo
- Lácteos T. de Melide
- Leonardo Miguélez
- Mejuto Vázquez

- Ovidio Leiva
- Proquintas
- Villamor S.C.

HOSTALERÍA

- A Boa Viña
- Bodegón Alongos II
- Café Chaplin
- Cafetería Arraigos
- Cafetería M40
- Cafetería Marian
- Cafetería Stop
- Casa Estilo
- Novo Continente
- O Carburo (Toques)
- Os Garceiras
- O Sapo Lambón
- Parrillada Rúa
- Pizzería Xoldra
- Pulpería Ezequiel



Establecemento distribuidor de:

Cerne

O xornal gratuito da Terra de Melide

Recolle aquí o teu xornal!!

SERVIZOS

- CC Xestión
- Clínica Dental Ana Marcos
- Clínica Dental Karim
- Fisiovida
- Hardgalicia (R)
- Javier López (perito)

- Meligraf
- Notaría
- Seguros Bilbao

NO POLÍGONO

- Jim Sports
- Nutripor
- Suministros Industriales Cire
- Transportes Sierra

Casa comigo... en Melide

Joyería Oro Ley

Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

*Visítanos o 23 de
marzo no Salón
da Voda de Melide*




Tono

Peluqueros

Tfno.: 981 50 61 81
Ronda de Pontevedra, 59, Baixo
15800 MELIDE (A Coruña)

III SALÓN DA VODA

23 DE MARZO NO PAZO DE CONGRESOS



MIS MEJORES LABORES

Avda. de América, 3 (MELIDE)



Descontos especiais en:
lencería de noiva,
detalles e invitacións
por reservas feitas no
Salón da Voda de Melide



Tu Boutik

Te casas? Te gusta vestir bien?

Elijas la opción que elijas

"Tu Boutik"

*te acompaña tanto en tu gran día
como el resto del año.*

Lo mejor en Moda Caballero en Melide.

*Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide (A Coruña)*

Telf. 881 956 394

tuboutik@hotmail.com







**ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



-  HOSTELERÍA
-  MANTENIMIENTO
-  CONSTRUCCIÓN
-  AUTOMOCIÓN
-  AGROPECUARIA
-  PISCINAS
-  CELULOSA / ACCESORIOS



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

La química que nos une.

Alta calidad, mejor rendimiento

Un producto para cada necesidad.

Tlf.: 981 505 750
www.proquintas.com



METEC ASESORES

EN COLABORACIÓN
CON



COCHES	VIDA RIESGO
TRACTORES	AHORRO JUBILACIÓN
MOTOS	PLANES DE PENSIONES
HOGAR	INVERSIÓN
COMERCIO	SALUD
EDIFICIO	DECESOS

MELIDE

Tfno.: 981 507 022
Fax.: 981 507 022
Antón Fraguas, 12
15800 MELIDE

TEIXEIRO

Tfno.: 981 789 879
Fax.: 981 789 879
Sánchez Anido, 7
15310 TEIXEIRO

CORUÑA

Tfno.: 981 914 011
Fax.: 981 918 198
Avda Arteixo, 83-85
15009 A CORUÑA

WWW.METECASESORES.COM




ADMINISTRACIÓN DE FINCAS

**GESTION INTEGRAL
DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS**

FERNANDA CASAL VÁZQUEZ

R/ Anton Fraguas, 12
15800 Melide - A Coruna
Tfnos. 981 507022 - 680 243851
casal.fer@gmail.com

**SU COMUNIDAD
EN BUENAS MANOS**

Os cambios na iluminación afectarán a 185 lámpadas de seis rúas da vila

O Concello de Melide investirá 39.843 euros no sistema de iluminación público para solucionar os constantes apagóns que se viñan producindo nos últimos meses e atallar os problemas de visibilidade denunciados polos veciños nalgúns zonas.

Esta actuación, que se financiará a cargo do plan DTC da Deputación, contempla o cambio de 66 lámpadas na Avenida de Lugo, 46 na Rúa do Progreso, 43 na Ronda de Pontevedra, 16 no Cantón de San Roque, 10 na Ronda da Coruña e 4 na Rúa Rocamador. Os traballos comezarán “en dous ou tres meses”, tal e como explicou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e permitirán aforrar un 20% de consumo enerxético a nivel xeral e un 45% a partir das doce da noite.

Os cambios ampáranse nun informe elaborado para o Concello por un enxeñeiro no que se recomenda, segundo a rexedora, “un cambio absoluto en todo o sistema, mesmo onde xa se fixeran investi-



Imaxe da rúa Alexandre Bóveda, a escuras, no mes de xaneiro

mentos”. Vázquez refírese aos 322.000 euros investidos en 2008 e 2009 polo bipartito, a quen culpa dos problemas actuais na iluminación por realizar intervencións que derivaron “nunha situación nefasta para a imaxe, os veciños e a economía de Melide”.

Asumir responsabilidades

O BNG rexeita as acusacións da alcaldesa e sinala que durante o seu mandato se limi-

tou a “poñer bombillas legais, colocar farolas onde non as había e substituír mangueras deterioradas”. Ao mesmo tempo critica a xestión de Vázquez: “o pobo está caendo a cachos e o único que fai é botarlle a culpa a outros”. O PSOE insta á alcaldesa a “asumir responsabilidades” despois de tres anos de lexislatura e asegura que os problemas de iluminación se deben a que o mantemento é “nulo”.

Prolóngase o peche da piscina tras quedar deserto o concurso de xestión

A piscina climatizada seguirá pechada por tempo indeterminado logo de seren rexeitadas as dúas empresas que se presentaron ao concurso para xestionala.

A mesa de contratación emitiu cadanseu informe desfavorable e o goberno municipal volverá convocar agora o concurso con algún cambio nas condicións. Por unha banda a concesión realizarase por catro anos e non por oito, como se contemplaba inicialmente. Ademais, o executivo local baralla incrementar “un pouco” a subvención de 73.043 euros coa que contribuíría a manter o servizo.

Segundo informou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, unha das compañías foi rexeitada porque só presentou o estudo de viabilidade económica para o primeiro ano “e quería xa negociar co Concello a partir do segundo”, algo que a mesa de contratación considerou “pouco factible”. A segunda



Diego Calvo, no mes de setembro, supervisando as obras de reforma

oferta foi descartada porque planteou unha modificación á alza nos prezos para os usuarios. “Nós tamén temos que coidar aos aboados”, sinalou Vázquez, quen desiste de fixar datas para a reapertura do recinto: “as contratacións son máis áxiles coa nova lei pero eu xa non falo de tempos”.

Ante este panorama, o PSOE e o BNG saíron ao paso

para demandar que o Concello xestione directamente a piscina: “Melide non debe estar mendigando que alguén se faga cargo das instalacións nin pode estar máis tempo sen o servizo”, argumentou o secretario xeral dos socialistas, José Antonio Prado, quen pide “valentía” e se amosa convencido de que unha xestión pública “planificada” pode ser rendible.

O BNG pídelo a Fomento que retome en 2015 o proxecto da rotonda para Santa María

O BNG solicitaralle ao Ministerio de Fomento que introduza nos próximos orzamentos do Estado a partida económica necesaria para construír a rotonda do cruce de Santa María. Así o recolle a proposición non de lei que levarán nos próximos días ao Congreso para instar ao goberno central “a que quite do caixón un proxecto que estaba rematado” e a que comece os traballos “o antes posible”, sinala o voceiro dos nacionalistas melidenses, Xosé Igrexas.

A petición será trasladada a través da deputada do BNG pola provincia da Coruña, que se trasladou ata Melide recentemente para coñecer de primeira man a situación do cruce. Rosana Pérez recordou que o accidente rexistrado na intersección o pasado mes de xaneiro “pon de manifesto unha vez máis a perigosidade desta estrada e a necesidade de que en puntos coma este se fagan actuacións”. Nesa liña avanzou que o BNG estará “moi pendente” na tramitación dos orzamentos de 2015 “para emendalos se é preciso e que haxa cartos para esta glorieta”. A esta iniciativa súmanse as preguntas formuladas ante Fomento para coñecer o grao de sinistralidade durante o último ano na N-547, “unha estrada con zonas moi deterioradas e que precisa unha maior seguridade”.



A deputada Rosana Pérez e concelleiros do BNG en Sta. María

FOTO-DENUNCIA

Somos o que construímos



De socato érguense ante a nosa vista e fannos baixar a mirada. Ruborizados por saber que son o resultado do noso escaso compromiso cun urbanismo cívico e responsable. Construcións que destrúen calquera relación cordial coa estética e que falan de como somos e como entendemos o espazo que nos rodea. A filosofía do “ti vai facendo” segue moi estendida. Si, certamente, algo falla na nosa relación co entorno e no xeito que temos de habitar os espazos físicos.

Melide e Palas agardan que a brigada de emerxencias volva funcionar na primavera



O GES realizou 661 intervencións en 6 meses de funcionamento

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, e o alcalde de Palas de Rei, Pablo Taboada, instan á Xunta de Galicia a atopar unha solución “rápida” que permita poñer de novo en funcionamento a brigada de emerxencias que compartiron os dous concellos durante os últimos seis meses grazas ao apoio económico da Consellería de Vicepresidencia. O departamento autonómico achegou 100.000 euros para a posta en marcha do chamado Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) e os rexedores confían en que se renove a axuda para manter un servizo que ámbolos dous definen como “imprescindible para manter a seguridade na zona”.

Neses termos se dirixiron ao conselleiro Alfonso Rueda, con quen se reuniron o pasado 23 de febreiro para presentarlle o balance de actuacións do GES e xustificar con datos a necesidade de conservar o servizo. Vázquez e Taboada, argumentaron que a brigada é máis necesaria ca nunca despois de que o novo mapa de emerxencias deseñado pola Xunta e a Fegamp deixase “un tanto illados” os dous municipios. Os rexedores cualificaron de “positivo” o encontro e confían en que o GES estea de novo operativo esta primavera.

Adictas á moda do “Knitting”



Hai un par de anos comezamos a ver árbores e farois de cidades forrados de punto e mocidade tricotando nos parques e cafeterías. Era unha nova moda que naceu para quedarse e que deron en chamarlle “knitting”. Agora chegou a Melide na súa versión máis tradicional, o que foi a calceta de toda a vida. Niso é toda unha experta Dona Matilde, unha xubilada da vila que despois de dedicar moitos anos á costura está a impartir un curso de calceta no Centro Social. Foi tal éxito da iniciativa, que houbo que organizar dúas quendas de 15 persoas cada unha. Tardaremos moito tempo en ver as árbores do Cantón de San Roque con bufandas de la?

As cicloxéneses abandonan Melide sen deixar récords nin grandes incidencias

No período decembro-febreiro choveu menos ca o ano pasado

Pode resultar difícil de crer despois dun inverno duro que semellaba non ter fin, pero dende o 17 de decembro ao 17 de febreiro, coas súas sete cicloxéneses explosivas e alertas meteorolóxicas de todo tipo, choveu en Melide menos do que o fixo no mesmo período do ano pasado: 602 litros por metro cadrado fronte aos 622 do ciclo anterior.

Certo que é que durante estes dous meses de mal tempo choveu o 95% dos días (59 de 62), pero os valores non distan moito dos acadados o ano pasado, no que os días con precipitacións representan o 82% (51 de 62). O tren de borrascas tampouco deixou récords no que á intensidade das precipitacións se refire. O día máis chuvioso foi o de Noiteboa, cando entrou a primeira cicloxénese. Recolléronse 39,9 litros por metro cadrado. O dato contrasta cos 91,1 litros que caeron en 24 horas o día 18 de xaneiro de 2013. En canto ao vento, o refacho máximo acadou os 83 km/h, rexistrado pola estación meteorolóxica do Meire o pasado 4 de xaneiro.

Comparativa: o tempo en cifras

	17 Dec 2013 17 Feb 2014	17 Dec 2012 17 Feb 2013
Días de chuvia	59	51
Chuvia recollida	602,6 l/m ²	622,2 l/m ²
Día máis chuvioso	39,9 l/m ²	91,1 l/m ²
Refacho máximo	82,9 km/h	65,1 km/h
Temperat. media	6,8° C	7,1° C
Horas de sol	70,6	138,6



No cemiterio do Castelo viñéronse abaixo catro metros de muro

Escasas incidencias

Das sete cicloxéneses explosivas que azoutaron Galicia nos últimos meses foi a última delas, a do 14 de febreiro, denominada Ulla, a que máis se deixou sentir en Melide. Varias árbores caídas sobre o tendido eléctrico deixaron sen luz durante horas algunhas zonas do concello e no casco urbano o vento levantou parte do tellado dunha vivenda situada nas inmediacións da rotonda.

Catro días despois de pasar esta borrasca, e como consecuencia das choivas acumuladas e da porosidade do terreo, o muro de mampostería do antigo cemiterio do Castelo sufriu un derrubamento. A Concellería de Obras comunicou a incidencia inmediatamente a Patrimonio e decidiu efectuar a reparación con celeridade ante o risco de que tamén se visen afectados os nichos que quedaron descubertos. Tamén como conse-



Humidade nos teitos e goteiras no chan do centro de saúde

cuencia das precipitacións, o Concello tivo que arranxar dúas pontes afectadas polas enchentes: unha no Ribeiro de Abaixo e outra na parroquia do Meire.

Os temporais tamén trouxeron consecuencias para o centro de saúde, que tivo problemas coas goteiras e que presenta varios puntos de

humidade, especialmente na entrada. Foi preciso colocar sinais de advertencia para evitar que os usuarios esvarasen e sufrisen algún accidente. O BNG anunciou que tomará cartas no asunto para solicitar que se arranxen estes problemas e acusa ao goberno local de “abandonar á súa sorte” as instalacións.

As estampas da chuva na comarca

En Portodemouros as precipitacións si que deixaron imaxes históricas

Algo bo había ter tanta choiva: as precipitacións dos últimos meses deixaron algunhas imaxes históricas na comarca. Entre elas unha nunca vista nos últimos 30 anos: a do embalse de Portodemouros ao 100% da súa capacidade e liberando auga polo aliviadoiro. Todo un espectáculo que ducias de curiosos se achegaron a ver e a inmortalizar coas súas cámaras e teléfonos móbiles.

Outra estampa, menos vistosa pero igual de importante, é a da reconstrución da Ponte da Regada, que non se viu afectada polas fortes choivas tanto como cabía agardar. Segundo lle confirmou o xefe de obras ao Concello de Santiso, mantense o prazo de execución e a ponte estará rematada no mes de xullo. “Non deixamos de traballar ningún día pero con tanta auga pouco avanzamos”, explican a pé de obra os traballadores, “agora imos moito máis rápido”. Aseguran que a parte máis difícil do proxecto xa está completada. Falta erguer o segundo piar, colocar as vigas prefabricadas e a capa de rodadura.



O encoro verteu auga polo aliviadoiro por primeira vez en 30 anos



Os operarios traballan na construción do segundo piar da ponte

Quintana defende a PAC en Melisanto cunha crítica ao papel dos sindicatos

A Conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, desprazouse ata Melide para ofrecer unha charla-coloquio na Cooperativa Melisanto ante ducias de gandeiros e defender o impacto positivo que terá en Galicia a reforma da Política Agraria Común (PAC).

A conselleira acusou aos sindicatos agrarios de enviar mensaxes equívocas ao sector e quixo desmentir “toda información enganosa” sobre a redución de importes con respecto a etapas anteriores. Segundo explicou, no período 2014-2020 Galicia manterá o nivel de fondos europeos e recibirá arredor de 2.380 millóns de euros, con especial impacto no sector lácteo, para o que as axudas se incrementan un 63% para o conxunto do Estado. Para Medio Rural esta cifra é “especialmente



Rosa Quintana (terceira pola esquerda) na Cooperativa Melisanto

importante para Galicia”, xa que anualmente recibe un 50% da dotación nacional.

Dende Unións Agrarias aseguran que “o triunfalismo da conselleira está totalmente fóra de lugar” e argumentan que os agricultores galegos

representan o 16% do total do Estado e van recibir o 3% dos fondos. Para o Sindicato Labrego Galego a nova PAC é “unha foto fixa da dilapidación millonaria de anos anteriores que pouco serviu para apoiar as explotacións profesionais”.

Toques aspira con Melide e Palas a fondos do Inega para renovar a iluminación pública

Os concellos de Toques, Melide e Palas de Rei decidiron unir forzas e concorrer conxuntamente á convocatoria de subvencións do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) enfocadas a proxectos de aforro e de renovación dos sistemas de iluminación pública. Segundo explicaron os rexedores dos tres concellos en rolda de prensa, a contía da subvención solicitada ascende a 139.141 euros e de seren acometidas as actuacións o aforro anual alcanzaría os 25.088.

No caso de Toques os cambios afectarían a 86 puntos de luz de dúas zonas: Pontequeimada e Bragaña. No que afecta a Melide os traballos abranguerían 84 puntos de luz de 9 rúas da vila, todas elas do entorno da Martagona. Instalaríanse lámpadas led e substituiríanse 33 postes que están deteriorados por outros de aceiro galvanizado. Esta actuación sumariase a outra a cargo do Plan DTC programada para seis rúas do centro da vila. En Palas os cambios produciríanse na Avenida de Ourense.

Planta de transferencia

Para os rexedores esta iniciativa conxunta é un novo paso de cara a colaborar máis estreitamente no futuro e “mellorar os servizos en tempos de dificultades”. No horizonte máis cercano a vista está posta na consecución dunha planta de transferencia de lixo para depositar os residuos sólidos antes de transportalos a Sogama. Prestaría servizo aos concellos de Melide, Palas, Toques, Santiso, Boimorto, Arzúa e Antas de Ulla.

A día de hoxe os alcaldes agardan novas tras térense reunido co Conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, en dúas ocasións. A alcaldesa de Melide adianta que a comarca está “marcada de xeito prioritario no mapa” da Xunta e o seu homólogo en Palas confía en que a planta vai ser unha realidade “en canto empece a mellorar a situación económica”. Sobre a súa posible ubicación, ámbolos dous aluden a “criterios técnicos” e rexeitan unha loita localista.

Santiso planta castiñeiros nos sobrantes da parcelaria



Os traballos rematarán ao longo do mes de marzo

“Era unha pena que eses terreos quedasen desaproveitados e que se acabase formando un monte intransitable”. Con estas palabras o alcalde de Santiso, Manuel Adán, xustifica unha das últimas iniciativas que se están realizando no municipio: plantar con castiñeiros os sobrantes da parcelaria nas parroquias de Pezobre e Arcediago. Os traballos rematarán ao longo do mes de marzo e inclúen tamén desbroces e labores de poda. Operarios do Concello encargáranse de aquí en adiante do mantemento.

Charamela prestixia o Entroido de Melide cunha selva de espectáculo

Foron o centro de todas as miradas: polo número de participantes, pola orixinalidade dos seus disfraces e polo traballo que comportou facer cada un deles. O “Musical do Rei León” posto en escena pola Asociación Cultural Charamela para o concurso de Entroido de Melide, converteu o Pazo de Congresos nunha selva espectacular na que se deu vida a todos e cada un dos personaxes desta coñecida historia: Simba, Scar, Timón e Pumba, as malvadas hienas, manadas de gacelas e cebras, avestruces, xirafas, leopardos... e así ata 60 persoas caracterizadas nun desfile que convenceu ao público e ao xurado e que foi recoñecido co primeiro premio da categoría de comparsas, cun valor de 700 euros.

Destacada e valorada foi tamén a intervención dos “Vikings da Regada”, un grupo de Visantoña formado por 20 persoas, a maioría cativos, que chegou a Melide navegando nunha drakkar que nada tiña que envexar ás empregadas polos seus antecesores. Para eles foi o segundo premio de comparsas. Na categoría de grupos premiouse a orixinalidade duns “ananos labregos” moi bailadores a pesar das alpacas de palla que levaban ao lombo. En segundo lugar quedou a versión melidense da Familia Telerín e a súa peculiar recreación, con camas incluídas, do anuncio que anunciaba todas as noites en TVE a fin da programación infantil. Na categoría individual impúxose un colorido “Abanico de verano” feito artesanalmente. O segundo premio foi para a “Fregona Vileda”.



Detalle do “Musical do Rei León”, primeiro premio de comparsas



“Os vikings da Regada”, segundo premio de comparsas



“Os ananos labregos”, primeiro premio de grupos



Primeiro premio individual



“A familia Telerín”, segundo premio de grupos

O MECO GALLARDÓN ANTE O TRIBUNAL POPULAR

Cambiou o estrado polo balcón e o uniforme de camareiro polo de xuíz. Non tiña toga nin tampouco birrete, pero fiel á lei das rimas, Manolo Parrado repartiu xustiza un ano máis a golpe de coplas e retranca no acto máis tradicional do entroido melidense.

Coa Praza das Coles como sala de audiencias e cun experto na materia como principal acusado, o ministro Gallardón foi o branco de todas as dianas, aínda que sentencias de Parrado houbo para todos e moi variadas. As que espertaron mais interese foron as de contido local, algunhas con asuntos do pasado, outras de temática actual: “aló no mes de xaneiro tamén lle chegou a hora, foi na casa da cultura, remataron algo a obra. Foi ideado o edificio como un gran auditorio, e foi feito para a ocasión un buscado repertorio. Houbo participantes de moitas agrupacións; todas, todas non che foron, érase moito follón”.

O capítulo de obras ocupou boa parte do sumario. Tivo que botar man o xuíz dun auxiliar e tamén falou Amiguete dalgúns das de maior calado: “a piscina sigue seca, cousa mala de creer, pois por auga non será, non para de chover. Fai un ano que dicían que a apertura era inminente, presentárona a concurso, e non hai ninguén que a quente”. A cousa daba para máis e engadiu o propio Parrado: “falan moito da piscina, que a queren volver abrir, andan buscando unha empresa disposta a contribuír. Vovos dicir unha cousa, non me vou de entendido, unha piscina en Melide non se dá sostenido. A rúa de San Antonio, quixérona arreglar, pero para catro votos que se perden, que quede sen bachear!”.

Tamén se ditou sentenza sobre as festas do San Roque, máis quedou sen confirmar á espera do que poida pasar: “as festas do vrao este ano, teñen nova



comisión, pois disque os do concello non teñen disposición. Mais hai malas linguas que din, e non deixan de falar, pois din que é unha escusa porque as queren privatizar. Para facer o San Roque cóstache moito traballo, e para contentar a todos, róncale moito o carallo”.

Cuestión de leis

E tamén era de xustiza, sendo Gallardón o meco deste entroido, falar da lei que o puxo no disparadoiro: “que revueltos, que amaños, que pollos al chilindrón, que reformas que che fai o ministro Gallardón. Canto falan do aborto, cantas voltas che lle dan, como falan tanto os homes se eles parir non van? Esta lei que fan os homes, habíame facer rir, se che empreñaran eles, poucos ían a parir”.

E xa metidos en xustiza, tiña que haber polo menos un par de coplas para quen ultimamente quere escapar dela: “Uns roubanche millóns e chámalle defraudar, despois agardan a que prescriba, e xa non fai falla pagar. Hai que ter habilidá e estar ben asesorados, e facer coma a infanta, buscar bos avogados. De todo no se esqueceu, tampouco parece tonta, o mellor que sabe dicir es “eso a mí no me consta”.

Falou o xuíz Parrado. E como el mesmo dixo: “xa acabamos, para este ano menos mal, e para o ano se dios quere, haberá máis carnaval”.

*Ser
impecable
está
de moda*

CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPD)

Analíticas alimenticias Laboratorio
Legionela Control de plagas
Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



MUEBLES DE SEGUNDA MANO Y ANTIGÜEDADES



**Estaremos en Magreco (Boimorto)
los días 29 y 30 de marzo**

Abrimos todos los domingos

**607 847 374 / 653 979 664
Calle Progreso, 15 - MELIDE**

CAFETERÍA - PIZZERÍA



Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)**

Δ MELLOR ZONA Δ DE MARCHA Δ DE GALICIA ESTÁ EN MELIDE



Festa da camiseta



Entroido

Que Melide sexa a día de hoxe o lugar por excelencia da movida en Galicia non é froito da casualidade. Detrás está o traballo de moita xente que cada fin de semana se esforza por ofrecer algo novo. Recentemente os pubs da vila decidiron unir as súas forzas e traballar todos a unha para facer aínda máis grande se cabe a noite en Melide. O resultado dese traballo conxunto foron dúas festas de grande éxito, a da camiseta e o Entroido, nas que se sortearon 5.000 euros e que trouxeron á vila a centos de persoas. Un exemplo de iniciativas que dan vida á marcha de Melide e que benefician ao pobo en xeral.



NOVO PUB

A oferta de ocio en Melide amplíase. As noites da mellor zona de marcha de Galicia danlle a benvinda a un novo pub, que co seu suxerente nome promete moitas fins de semana de diversión. Enjoy abriu as súas portas para converterse nun lugar onde desconectar da rutina coa mellor música e onde tomar unha copa sexa todo un pracer. Detrás deste novo concepto de pub están José Antonio Abad e Bernardino Buyo, dous expertos no mundo da noite que che ofrecerán no Pub Enjoy todo o que estás buscando.

enjoy

NOITE DE ENTROIDEIROS



Un ano máis o Entroido en Melide non defraudou. Os pubs da vila puxeron toda a carne no asador para organizar unha das festas máis animadas e concorridas dos últimos tempos. Éxito absoluto e moita orixinalidade e cor tamén detrás das barras. Para mostra, un botón.



Especialidad en:

- Pizzas
- Pastas
- Platos combinados

SERVICIO A DOMICILIO

Nuevo Número

Tfno.: **981 81 53 54**

Ctra. de Santiago

15.800 MELIDE (A Coruña)



Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE
TELF: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia, Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras

A GASTRONOMÍA MELIDENSE, UN VALOR Á ALZA

Garea gana o concurso “Prato Xantar”
cunha homenaxe ás esencias de Galicia

Os mellores produtos autóctonos do mar e da montaña ligados perfectamente para resumir nun só bocado o que é Galicia e as súas esencias culinarias. Dese xeito convenceu Manuel Garea, cocinheiro e reposteiro da Terra de Melide, ao xurado do concurso para profesionais *Prato Xantar*, organizado no marco do salón gastronómico internacional que acolleu a cidade das burgas entre os días 5 e 9 de febreiro.

Galicia nun prato; mar e montaña é o nome co que Manuel Garea bautizou esta receita “complexa e laboriosa” que se impuxo ás outras 19 presentadas ao concurso e que consiste nun canelón de



Manuel Garea e o Conselleiro de Cultura

polbo recheo de lacón, ceboleta, allete e mexillón. Por enriba leva o toque do grelo fresco picado e como base un salteado de algas con galletas e mexillóns. O conxunto vai servido sobre un prato feito con masa de castañas e trigo que imita o prato de madeira do polbo. E como acompañamento, un alioli de allo asado, castaña e grelo e un aceite de herbas aromáticas e chourizo.

So moitos máis os detalles dunha receita que Manuel Garea tivo que explicar en directo no show cooking do *Prato*

Xantar ante os cinco membros dun xurado que valorou a presentación, o número de ingredientes, a dificultade e o gusto e que destacou por enriba de todo a orixinalidade do prato de masa. “Gustou moito”, confesa Garea, quen atribúe á súa dobre faceta de cocinheiro e pasteleiro a orixe e o resultado desta idea: “traballar os dous campos ábreche a mente e permíteche darlle máis amplitude á profesión”, explica, “se non tivese un bo dominio das masas, non podería imitar o prato de polbo”. Repostería aplicada á coíña, a marca de identidade dun profesional do doce e do salgado que segue acumulando premios.

Promoción no Forum da
Coruña a nivel internacional

Casa Estilo levou a súa repostería tradicional ao stand da empresa de Noia “Habelas Hailas” para facer unha maridaxe con viños e licores que foi do gusto do público. Antes da pastelería melidense ofreceron as súas propostas o restaurante Chicolino Eventos, da Pobra, e o barman de La Toja. Casa Estilo participou tamén no Salón Xantar e na Feira do Queixo.



Os viños e licores de Casa Alongos, xunto coas propostas de Triskel, tamén tiveron espazo no Forum Gastronómico. En concreto no stand “Bo Camiño Taste”, rexentado pola estadounidense Susan Mann. No Forum tamén estivo Milhulloa.

NO INSTITUTO HAI CANTEIRA

Fala Melide. No día mundial da radio a emisora do IES, Falamelide, sumouse á convocatoria na que estacións de todo o mundo reivindicaron o medio como unha vía de expresión libre e de promoción da igualdade. Fíxoo cun maratón de 24 horas no que se emitiron cinco programas en directo. A ocasión serviu tamén para celebrar o 20 aniversario desta emisora pioneira en Galicia, que foi creada no curso 1993-1994 e que comezou a emitir nos recreos a través do 90.5 do dial. Cun radio de cobertura limitado pola orografía da comarca, deu os seus primeiros pasos baixo o lema “En Zas de Rei non se escoita pero sabemos que está aí. Fala Melide, fala natural”. Co tempo foron chegando programas históricos como “Hai que roelo” e “As frechas de Cupido”. Na actualidade Falamelide emite puntualmente a través de internet.



Parlamento Xove. María González, alumna do IES de Melide, foi distinguida como mellor oradora da primeira fase de Parlamento Xove, un concurso de debate que organiza a Xunta e no que este ano participaron 24 institutos de Galicia. Acompañárona, formando parte do equipo de Melide, Uxía Ferreiro, Pablo Vilasante e Adrián Prieto. Malia facer un bo papel e sumar unha das mellores puntuacións, os melidenses non foron quen de impoñerse en ningún dos tres debates nos que participaron, polo que non accederon á seguinte rolda.

III FESTA SINGLE EN MELIDE

Algo ten Melide que se está a converter na meca das persoas solteiras e separadas. Tralo éxito de entregas anteriores, volve unha nova edición da Festa Single, e van xa tres. Organizado por Manuel Vázquez “Sierra”, o evento celebrarase o 5 de abril e consistirá nunha cea-festa que se presenta como “unha ocasión especial para coñecer xente de toda Galicia”.

O epicentro da celebración será a Pulpería Ezequiel, onde os asistentes poderán degustar por 18 euros un menú a base de

lagostinos á grella, ameixas á mariñeira (ou pulpo), carne asada, viño, café e chupito. As persoas interesadas en asistir poden anotarse a través da rede social Stilosingle Galicia ou ben confirmar a asistencia chamando aos seguintes números de teléfono: 600 51 91 31 / 610 52 34 51.

Despois da cea os pubs de Melide converteranse no escenario perfecto para rematar unha noite na que haberá “bo ambiente, moitas risas, moita marcha e coma sempre; moitos agasallos e tamén sorpresas”.

III XORNADAS DE FORMACIÓN SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A iniciativa social cobre na comarca as carencias educativas derivadas da crise

Cando os recursos min-
guan, agudízase o en-
xeño. Cando hai caren-
cias, xorden novas di-
námicas de traballo
que tentan contrarres-
talas. Tal acontece no
IES de Melide, onde a
finals do curso pasado
se puxo en funciona-
mento un banco de li-
bros que a día de hoxe é
xa un proxecto consoli-
dado e exemplar. Como
tal foi presentado ante o
medio cento de profes-
ionais da educación
que participaron nas *III
Xornadas de Forma-
ción sobre a Atención á
Diversidade*, organiza-
das polo IES a finais do
mes de febreiro.

O Banco de Libros
xurdiu a proposta de
cinco nais e dous pais
“para ver como solucio-
nar as necesidades que



Membros da ANPA do IES nas xornadas

tiñan as familias e o alumnado” unha vez
que os libros deixaron de ser gratuítos e
a crise comezou a golpear con forza. Así o
explicou José Valiño, un dos membros da
ANPA impulsores do proxecto, na mesa
redonda que serviu para falar desta inici-
iativa: “collemos o testigo de algo que sucede
habitualmente; o intercambio de libros en-
tre familias. Só faltaba xestionalo”.

Seis meses despois o Banco de Libros
conseguiu cubrir toda a demanda de 2º e
4º da ESO e conta con 620 volumes, 400
procedentes do fondo do IES e 220 doa-
dos polos pais. O éxito da iniciativa cons-

tátase tamén no nú-
mero de socios da
ANPA, que pasou de 30
antes da creación do
Banco de Libros a 150
na actualidade.

A cifra dá idea ao
mesmo tempo dos efec-
tos da crise sobre a edu-
cación na comarca, algo
que corrobora Marisol
Iglesias, técnica de ser-
vizos sociais de Toques,
Santiso e Sobrado: “cada vez hai máis ne-
nos que non teñen 15
euros para mercar un
libro porque con eses
cartos hai que comer ou
pagar a luz”. Realidades
duras que se poden
encamiñar “traballando
en rede”, unha solución
que apuntou a súa ho-
móloga no Concello de
Melide, Chus Segade,
para que a crise non
afonde na desigualdade.

A Foliada brinda as claves da aprendizaxe na igualdade

As Xornadas sobre a Aten-
ción á Diversidade son un
marco perfecto para a refle-
xión, para darlle visibilidade
a iniciativas de interese e
para buscar saídas ante os
atrancos. Consciente
disto, o antropólogo meli-
dense Santiago Prado
Conde, un dos relatores das
xornadas, aproveitou o
foro para
apuntar á Fo-
liada de Melide como un
“exemplo de aprendizaxe
social” do que se poderían
obter moitos réditos para
o contexto educativo insti-
tucionalizado.

Tomando como punto de
partida o ensaio que lle valeu
o Premio Vicente Risco en
2007, e que tivo como campo

de traballo o propio IES de
Melide, Prado Conde apun-
tou ás causas que están
detrás da diversidade e
da desigualdade entre o
alumnado da comarca. Ante



esa realidade
desigual acre-
centada polos
efectos da
crise, a Fo-
liada de Me-
lide repre-
senta “un con-
texto trans-
formador con
inequívocos
signos de co-

hesión social”. A mocidade
eríxese en “protagonista e
dinamizadora da comuni-
dade” para artellar unha ini-
ciativa que supera a propia
manifestación musical e na
que se materializan arredor
dunha festa “relacións sociais
de aprendizaxe baseadas na
igualdade”.

Triplete no campionato de España de loita olímpica



Patricia López, Bruno Agra e Xandre Freire, campións de España

O deporte melidense volve
estar de noraboa grazas ao bo
facer dos alumnos da Escuela
Ayude, que veñen de conse-
guir un triplete histórico no
Campionato Nacional de loita
olímpica, celebrado en Madrid
os días 1 e 2 de marzo. Os
novos campións de España e
responsables da fazaña son
Patricia López, Bruno Agra e

Xandre Freire, que teñen o
mérito engadido de ser os úni-
cos loitadores da selección
galega que conseguiron colgar
un ouro.

A estes bos resultados
súmanse os conseguidos en
Portugal no Open Internacio-
nal de Kick Boxing, de onde a
Escuela Ayude trouxo 4 ouros,
4 pratas e 2 bronce.

Torneo de pádel no camiño pensando na media maratón



Os campións, José Viqueira e José L. del Río, con Jose Penas

José Viqueira e José Luis del
Río proclamáronse campións
do I Open de Pádel no Camiño
organizado en Melide pola
Asociación Deportiva Cerne. O
campionato, a cuxo cadro final
accederon 16 parellas, contou
coa participación do número 1
do ranking galego de pádel,
Pablo Lijó. O torneo tivo por
obxectivo principal recadar

fondos de cara á segunda edi-
ción de “Os 21 do camiño”, a
media maratón entre Palas e
Melide, que este ano cambiará
de data. Pasará a celebrarse o
28 de xuño, no canto do mes
de setembro. A organización
argumenta que “o tempo é
máis estable, anoitece máis
tarde e non coincide con ou-
tras carreiras”.

Visantoña Rock

A parroquia de Visantoña aco-
llerá o próximo 23 de maio o
seu primeiro festival de rock.
Xa está confirmado o cartel de
actuacións, do que formarán
parte Peta Zeta Top, Alterazón
del Orden (de Melide), Crazy
Mama e No Konforme.

A Sinfónica dá un concerto no Colón

O día 11 de marzo a Orquestra
Sinfónica de Melide subírase
ao escenario do Teatro Colón
da Coruña para dar un con-
certo no que presentará seis
composicións propias da man
de trece solistas.

IX Campionato de pesca de Melide

As persoas interesadas en par-
ticipar no IX Campionato de
Pesca da Terra de Melide, que se
celebrará o 5 de abril, poderán
inscribirse ata o día 2 dese mes
a través do teléfono 696 607 348
ou do seguinte enderezo:
asociaciontroiteiros@gmail.com

**TOP
PRECIOS**

**¡¡Gran surtido
en muebles!!**

299 €



Colchón Cyclus 1,35 x 1,90
8 cm viscoelástica, refuerzo lumbar

150 €



Colchón X1 1,35 x 1,90
Tejido Respire, Núcleo Bonell



El descanso a tu medida
Airtech, viscoelástica y mixto



FAVORA, el colchón para parejas
4 cm visco en cada cara

 **ELECTROSAN**

DESCANSO
electrosanmelide@gmail.com

C / Martagona, 13 MELIDE
Tlf: 981 507 964

Os olliños do avó

A.C.M., veciña de Melide

Fun unha nena inquieta, imaxinativa e bastante traste. Se vía unha película de Tarzán, por uns días xogaba a que era Boy, o fillo de Tarzán. Se vía outra de vaqueiros, metíase na chola que había de ser unha “Pequena Sherif”, ou calquera aventureira desfacedora de inxustizas, iso si, sempre á beira dos máis indefensos, que para algo eran os meus heroes favoritos dos libros de contos daqueles tempos: o Guerreiro do Antifaz, ou o Pequeno Sherif, que sempre facía o ben.

Así as cousas, un día dos moitísimos que ía á casa dos meus avós, emperrencheime en acompañar ao avó ata o seu traballo, que era nunha fábrica de curtidos non lonxe da pequena e querida casa deles, que estaba pegadiña ao río, case ao lado da ponte románica de Furelos. Estar alí era unha ledicia para todos os meus curmáns e para min tamén o era. Cavilo agora cantas dores de cabeza lle teriamos dado á pobre avoíña, pois habíamos de ser uns doce curmáns e todos pequenotes.

Volvo ao conto daquel día:



fun con el ata que entrou no traballo. Ao longo do camiño contábame contos de trasnos, meigas e aparecidos. A min gustábame moito, aínda que só fose para estar con el, pois dun xeito ou doutro había de facer algo para que nos sentiramos ben á súa beira. Por exemplo, recordo moi ben a maneira que tiña de levarme da man, aquela man que a min me parecía tan grande. Metía a miña tan pequeniña nela e íame facendo cóchegas, coma quen fai un

agarimo ou unha chanza. Isto facíamo todo o tempo que duraba o percorrido.

Cando chegamos e se ía, díxome: “e agora dereitiña para a casa”. “Si, avó”, respondín con ánimo de facelo, pero... de súpeto viráronse as ideas, pois non sei se foi o demo ou unha meiga quen me fixo recordar que alí mesmo baixando polo prado había o que lle chamaban “a lancha dos fabricantes”, pois usábana os traballadores que ían de Melide para a fábrica, se non

querían ir ata Furelos e cruzar pola ponte. Esta lancha estaba amarrada cunha cadea a un arame e este atado a unha árbore a cada lado do río. Metíanse na lancha e ían tirando polo arame e esa era a maneira de cruzar. Que sorte!, pensei, A lancha está do meu lado... que oportunidade para unha grande aventura!

Metinme dentro e tirei como puiden ata o medio do río, pero alí ocorrúseme que a aventura sería moito máis emocionante se puidera soltar a lancha e navegar polo medio do río ata a mesma tosta que estaría a uns trescentos metros. Igualiño cá muller pirata. Focei e focei moito tempo ata que por fin conseguín quitar a cadea que estaba atada cunha che de nós. E... que sensación tan fermosa! Foise polo medio do ría arrolándome tan mansiña como mansiña era a corrente da auga naquel cachiño de río.

Foi un bonito soño, pero como todas as cousas boas, acabou moi axiña e non moi ben. Fixéronme volver á realidade os berros e xuramentos dos compañeiros do avó que querían pasar para o traballo e non atopaban a lancha. Busárona un pouco e sorprendulles moito vela río abaixo,

e máis aínda se sorprenderon cando viron unha pequena de nove anos metida nela. Ai, meu Deus, o que fixera!

Ocorrúseme darlle forte ás mans come se fosen remos para chegar primeira á presa e así poder escapar daqueles homes tan grandes e tan incomfortados. E cheguei, pero as pedras esborrexían como o xabón e recordo soamente que tiña un pé na lancha e outro na presa. Sei que caín e dei coa cabeza na tosta e nada máis. Por un instante recordo que pensei: é de noite.

Cando abrín os ollos ningún me berrou nin me dixo nada da lancha. Tiña moito sangue no vestido e apertábanme a ferida cun pano. O que máis recordo é aquela mirada do avoíño, que sen falar, me dicía tantas cousas. Díciame que me quería moito. Díciame da súa grande anguria e do medo a que non esperase. Esbouraba a súa mirada de tenrura de tal xeito que sentín ganas de ser aínda máis pequeniña e de acurrucarme nos seus brazos para sempre. E hoxe, despois de tantos anos, aínda me emociona cerrar os meus ollos e coa imaxinación ver a través da miñas bágoas as bágoas nos olliños do avó.

Lanzado “de ballesta”

Xavier Pazo Blanco

Presidente da Asociación “Río Furelos”

É moi útil para aqueles lugares nos que non temos suficiente espazo ou non é posible realizar o lanzado convencional. É ideal utilizar carretes de bobina fixa, debido á baixa fricción da sedela.

Temos que agarrar o carrete con coidado e coller o cebo (culleriña...) entre os dedos pulgar e índice e deixar a bobina en posición libre (aberta), de maneira que se poda frear co dedo pulgar; logo dobrar a cana apuntando o cebo cara o lugar elixido. Deixar ir os anzoias e deixar de presionar a bobina co pulgar. Completar o lanzamento dirixindo a punta da cana cara o branco ou lugar escollido no que consideramos que está a troita.

A maioría dos pescadores utilizamos esta expresión para referirnos á arte de lanzar un cebo artificial servíndonos dun carrete de lanzado. Realmente tratase dunha arte, pois para que o cebo caia exactamente no lugar desexado unha e outra vez, precisamos de moita habilidade, ademais dunha cana e dun carrete de boa calidade que teñen que estar ben equilibrados.

A cana ten que encaixar na man como se dunha luva se tratara. O carrete debe estar cheo de sedela, que non ten que ser moi vella, e non estar gastado. Se temos a sedela en bo estado, perderemos menos troitas cando intentemos sacalas da auga e poderemos lanzar con maior precisión.



Antes de comezar o lanzado, temos que colocar o freo de control do carrete en función do cebo que utilizemos. O freo deberá estar de maneira que o carrete só libere sedela ante o tirón firme dunha troita.

Para controlar o lanzamento, deixaremos o carrete en posición de bobina libre e axustaremos o control para o cebo. Tamén é posible que teñamos que tensar un pouco máis o control ou afrouxalo

segundo modelos máis ou menos pesados. O peso do cebo que usemos determina o seu lanzado, a distancia de caída e a distancia entre cebo e punta da cana antes do lanzado. Para un cebo que pese de 10 g. a 20 g., unha caída de 15cm é suficiente.

Acostumamos lanzar por enriba da nosa cabeza cando temos moito espazo (encoros, ríos moi grandes, mar). A punta da cana ten que estar sempre apuntando ao cebo durante a recuperación para que teñamos máis posibilidades á hora de coller a troita cando pique. O lanzado por riba do ombro e o lateral son tamén moi utilizados, pero non teñen a mesma precisión có de ballesta. Debemos dirixir o cebo cara atrás ata que a cana flexione, como se fose un arco; entón, soltamos, libramos a bobina e diriximos a punta da cana cara o obxectivo. Boa pesca e boa tempada.

CELESTINO PENAS BARALLOBRE, RECAMBIOS VULCANO

“O mundo dos recambios é un saco sen fondo; cada día descubro cousas novas”

Con ilusión, esforzo e moita dedicación. Así é como afronta Celestino Penas a nova etapa da súa vida profesional que comezou hai menos dun ano coa apertura na Avenida de Lugo de “Recambios Vulcano”, unha tenda especializada nas pezas de reposto para maquinaria agrícola, coches

e camións. Aceites das mellores marcas, filtros, anticonxelantes ou pastillas de freo son só algúns dos artigos que completan un universo inmenso entre catro paredes no que o propio Celestino segue aprendendo día a día ao tempo que presta un servizo “amplo e rápido” aos seus clientes.

-É certo iso de que as tendas de recambios e de segunda man son as únicas que resistiron a crise?

-Celestino Penas (C.P.):

Pode ser. Nós levamos menos dun ano funcionando e cando abrimos o negocio enfocámolo ás circunstancias actuais. Aquí agora mesmo o que está aguantando un pouco é a agricultura. Se falla iso, non sei que vai ser... De cinco anos para aquí as cousas cambiaron moito e moi rápido. Antes en Melide, a conta da construción, só vías grúas por todos os sitios e estruturas. Agora non queda nada. A xente mira ata o prezo dun tornillo, que vale quince céntimos.

-Supoño que iso obriga a estar máis pendente da competencia...

-C.P.: Somos catro tendas de recambios. Para unha vila coma Melide chegamos ben, pero tamén é certo que temos un ámbito de influencia moi amplo. E despois eu vexo que os domingos funcionan de marabilla grazas ao mercado. Iso é unha base fundamental para os negocios. Se sacan o mercado, a xente aquí non vén. Ti vas un domingo a Lalín, que é dúas veces máis grande ca Melide, e non ves a ningún pola rúa. Vas a Arzúa, o mesmo. Vas a Agolada, o mesmo. Vas a Palas, está morto. Vés a Melide e hai sempre moita xente; absórbeo todo. Custa ter que abrir un domingo pero compensa e á xente se lle dá o servizo, agrádeceo.

-Cal é a especialización da súa tenda?

-C.P.: Recambios para maquinaria agrícola, coches e camións. Case todo o que te poidas imaxinar: filtros, pastillas de freo, aceites de todo tipo e de calquera marca, hi-



Celestino Penas en Recambios Vulcano, a tenda que decidiu abrir hai case un ano

dráulicos, anticonxelantes... e ata pneumáticos. Empezamos así algo de broma e xa levamos moitos vendidos. Se o cliente quere, tamén lle buscamos unha persoa que llos coloque. Logo tamén temos á venda maquinaria como motocultores ou grupos electrógenos e levamos a representación da marca Husqvarna. En motoserros cambiamos e reparamos todo o que faga falta.

-Alugan maquinaria?

-C.P.: De momento non, pero é algo que temos en proxecto e que non tardaremos moito en facer, sobre todo coa maquinaria de xardinaría. Pensamos en xente que ten por exemplo un invernadoiro e necesita un motocultor pero que non o quere comprar porque o utiliza dúas veces e despois ten que estar parado. Así gasta 30

ou 40 euros ao ano, fai o traballo e esquecese del.

-Cando falamos de recambios, referímonos a pezas novas ou a pezas de segunda man?

-C.P.: A inmensa maioría son pezas novas. Hai algunhas que se poden reconstruír, como unhas zapatas, pero o resto é todo novo. Traballamos moito sobre pedido porque o serven moi rápido. Se o facemos ao mediodía, ás catro da tarde xa está aquí a mercancía. Se o pedimos ás 6 ou ás 7, chega pola noite. Non é como algún día, que había que esperar unha semana a que chegara a peza. A rapidez é unha das vantaxes que lle ofrecemos ao cliente. Ademais, temos un horario bastante amplo; pechamos ás 9 da noite, de forma que a xente que sae de traballar ou

que vén de calquera sitio sabe que aínda a podemos atender.

-Imaxino que tamén ten que ser bo conselleiro e coñecer moi ben o material que vende.

-C.P.: Iso é moi importante porque hai clientes que veñen buscar algo pero traen unha referencia mínima. O mundo dos recambios é un saco sen fondo. Cando mercamos o local pensei que non o ía dar enchido e agora xa estou vendo que non chega a nada. Nunca pensei que isto requiría tantas cousas; cada día sigo descubriendo algo novo! Por poñer un exemplo, para un Audi A3 hai sete clases de pastillas. É un mundo moi bonito, pero queda moito que aprender.

-Ademais dos recambios, segue coa empresa de

“Ofrecemos un servizo rápido; xa non hai que agardar unha semana a que veñan as pezas”

“O mercado dos domingos é unha das bases fundamentais para os negocios de Melide”

ferrallas. Aprecia nese sector síntomas de recuperación económica?

-C.P.: Se che digo a verdade, non sei o que virá de aquí en adiante, pero eu ata agora non aprecio nada. Hai 12 anos que montamos Ferrallas Vulcano. Antes acababas unha obra e entraban dez pola porta sen ir a ningún lado. Agora acabas unha obra e non vén ningún. Algunha chapuza, catro piares... e nada máis. Imos a Redondela, a Fisterra, a Santiago, a Lugo, a León, a onde haxa... Aquí que fas? Se nos dedicamos só á comarca como faciamos antes, temos que pechar a porta.

Recambios Vulcano
Avenida de Lugo, 99
Tlf: 981 506 218



O próximo 23 de marzo A Boa Viña estará no Salón de Voda de Melide presentando toda a súa variedade de viños, cervexas, cafés e tapas. Non perdas os desfiles de moda, ás 13:00 e ás 18:00, nos que participará unha camareira do PUB Q+!

Esperamos a vosa visita!!



619 360 079 - Alberto

Viñoteca A boa Vida MELIDE

Despedidas de solteiro/a:

- Transporte.
- Alojamento.
- Viños.
- Cea.
- Copas.
- Go-Go's.
- Strippers.
- Todo o que precisas para unha data inesquecible.



Sábado 8 MARZO

Regales
2 azafatas
Fotos personalizadas
Chupitos...

FESTA IMAGE

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!